

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

RESOLUCIÓN do 7 de setembro de 2023, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se procede ao nomeamento como persoal estatutario fixo e á adxudicación de destino definitivo aos/ás aspirantes seleccionados/as no concurso-oposición para o ingreso na categoría de telefonista, convocado pola Resolución do 29 de decembro de 2020 (Diario Oficial de Galicia número 8, do 14 de xaneiro de 2021).

Mediante a Resolución desta dirección xeral, do 29 de decembro de 2020 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 8, do 14 de xaneiro de 2021), convocouse concurso-oposición para o ingreso na categoría de telefonista.

A base décima da mesma resolución establece que, unha vez adxudicados os destinos, se publicará no *Diario Oficial de Galicia* a resolución pola que se declare finalizado o proceso selectivo, co nomeamento como persoal estatutario fixo do Servizo Galego de Saúde e a asignación de destino daqueles/as aspirantes seleccionados/as que acrediten o cumprimento dos requisitos exixidos.

Ao abeiro da dita resolución, esta dirección xeral, como órgano convocante do proceso,

RESOLVE:

Primeiro. Declarar finalizado o concurso-oposición para o ingreso na categoría de telefonista convocado pola Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do 29 de decembro de 2020 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 8, do 14 de xaneiro de 2021).

Segundo. Nomear persoal estatutario fixo do Servizo Galego de Saúde, na categoría de telefonista, os/as aspirantes seleccionados/as que se inclúen no anexo desta resolución.

Terceiro. Adxudicarlles aos/ás ditos/as aspirantes, con carácter de destino definitivo, a praza correspondente que figura no indicado anexo.

Cuarto. Os/as aspirantes nomeados/as disporán do prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, para incorporarse á praza adxudicada.



De conformidade coa base décima da resolución de convocatoria do proceso, a toma de posesión da praza efectuarase no centro de xestión a que pertenza esta. A falta de incorporación no prazo referido, cando sexa imputable ao/á interesado/a e non responda a causas xustificadas, producirá o decaemento no seu dereito a obter a condición de persoal estatutario fixo como consecuencia do concreto proceso selectivo.

No entanto, en casos de forza maior, e por instancia do/da interesado/a, a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde poderá prorrogar o prazo de toma de posesión.

Quinto. De conformidade coa disposición adicional segunda do Decreto 70/2017, do 13 de xullo (*Diario Oficial de Galicia* núm. 145, do 1 de agosto), como condición para o perfeccionamento do nomeamento que se expida, os/as aspirantes seleccionados/as deberán realizar con carácter obrigatorio, nun prazo non superior aos seis meses contados desde a data de publicación no *Diario Oficial de Galicia* do correspondente nomeamento como persoal estatutario fixo, as actividades formativas para a obtención do nivel básico de coñecemento en materia de igualdade de xénero e prevención e loita contra a violencia de xénero, previstas no artigo 4 da citada regulación.

Non terán que realizar esta actividade formativa os/as aspirantes seleccionados/as que a realizen con anterioridade, conste rexistrada en Fides/expedient-e e fose debidamente validada.

Sexto. Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso potestativo de reposición, ante esta dirección, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou poderase impugnar directamente, na xurisdición contencioso-administrativa, nos termos da Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2023

Ana María Comesaña Álvarez
Directora xeral de Recursos Humanos





ANEXO

Relación definitiva de adjudicatarios/as e destinos

DNI	Apellidos e nome	Centro directivo	Centro	Concello	Quenda
***2337**	Aldariz Rodríguez, José Antonio	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Lugo	-
***0498**	Alonso García, Patricia	A.S. de Pontevedra e O Salnés	A.S. de Pontevedra e O Salnés	Pontevedra	-
***4733**	Álvarez Pérez, Leticia	A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	Ourense	-
***7200**	Bascuas Otero, María Dolores	A.S. de Vigo	A.S. de Vigo	Vigo	-
***5219**	Bernárdez Brañas, María Belén	A.S. de Ferrol	A.S. de Ferrol	Ferrol	-
***7917**	Bures Miguens, Ana Rosa	A.S. da Coruña e Cee	A.S. da Coruña e Cee	Coruña, A	-
***1506**	Canosa Lucas, Mónica	A.S. da Coruña e Cee	A.S. da Coruña e Cee	Coruña, A	-
***3763**	Carrera Castro, Pilar	A.S. de Vigo	A.S. de Vigo	Vigo	-
***2349**	Domingo Carod, Montserrat	A.S. de Vigo	A.S. de Vigo	Vigo	-
***2165**	Fentanes Framil, Mónica	A.S. de Pontevedra e O Salnés	A.S. de Pontevedra e O Salnés	Pontevedra	-
***1154**	Fernández Díaz, Asunción	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Lugo	-
***1957**	García Álvarez, María Guadalupe	A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	Ourense	-
***5722**	García García, María Isabel	A.S. de Santiago de Compostela e Barbanza	A.S. de Santiago de Compostela e Barbanza	Santiago de Compostela	-
***0779**	García Yelo, Encarna	A.S. de Pontevedra e O Salnés	A.S. de Pontevedra e O Salnés	Pontevedra	-
***4393**	Gayoso Pereiro, Susana	A.S. da Coruña e Cee	A.S. da Coruña e Cee	Coruña, A	-
***2263**	Gómez Maira, Ana María	A.S. de Santiago de Compostela e Barbanza	A.S. de Santiago de Compostela e Barbanza	Santiago de Compostela	-
***8214**	Gómez Roel, Guadalupe	A.S. da Coruña e Cee	A.S. da Coruña e Cee	Coruña, A	-
***5896**	Goyanes Vazquez, María José	A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	Ourense	-
***2190**	Graña Tapia, Margarita del Rocío	A.S. de Pontevedra e O Salnés	A.S. de Pontevedra e O Salnés	Pontevedra	-
***8153**	Guedella González, Esmeralda	A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	Ourense	-
***5224**	López Iglesias, Manuela	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Hospital Público da Mariña	Burela	-
***6237**	Martínez Suárez, Xesús	A.S. de Santiago de Compostela e Barbanza	A.S. de Santiago de Compostela e Barbanza	Santiago de Compostela	-
***2526**	Méndez Meilán, María Elena	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Lugo	-





DNI	Apelidos e nome	Centro directivo	Centro	Concello	Quenda
***2246**	Ogando Mouriño, María Luz	A.S. de Pontevedra e O Salnés	A.S. de Pontevedra e O Salnés	Pontevedra	-
***9430**	Pérez Redondas, Ramona	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Hospital Público da Mariña	Burela	-
***7829**	Piñeiro Díaz, Francisco Javier	A.S. da Coruña e Cee	A.S. da Coruña e Cee	Coruña, A	-
***2015**	Quiroga Rubianes, María Jesús	A.S. de Ferrol	A.S. de Ferrol	Ferrol	-
***0739**	Rivas Fraga, María Pilar	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Hospital Público da Mariña	Burela	-
***7115**	Rodríguez Cortiñas, María del Pilar	A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	Ourense	-
***9298**	Rodríguez Grande, Beatriz	A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	Ourense	-
***7363**	Tenreiro Pena, Héctor	A.S. de Ferrol	A.S. de Ferrol	Ferrol	-
***6217**	Vázquez Fernández, Ernesto	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Hospital Público de Monforte	Monforte de Lemos	-
***3190**	Yáñez Folgueira, Eva María	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Lugo	-

(*) Ocúltase parcialmente o número de documento nacional de identidade para preservar os datos de carácter persoal, de acordo coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro.